PUBLIC 805

# O GAITEIRO DE LUGO

## Calendario Gallego

### Pro Ano de 1947

**Relixioso, profético, astronómico, recreativo, patriótico, popular e barato**

**Ano 90 da fundación** **Propiedá rexistrada**

**Propietario: XERARDO CASTRO**

## VÉNDESE A PESETA

Toca, luguesiño, toca,
meniñes, vinde ó rueiro
que é moita gaita a gaitiña
do noso vello gaiteiro.



Sabe cantigas a feixes,
fai os pronósticos certos,
vai pr'os cen anos; ó home
y-ó viño os mellora o tempo.

VENTA DISTE CALENDARIO:

*En Santiago, Vda. de M. Neira Tornado, Casas Reales, 25*
*Na Coruña, Luis Noya Carro.-Librería.-San Andrés, 7*
*En Vigo, Mariano García, Calle García Barbón, 17*
*En Ourense, Manuel García e fillos, Lamas Carvajal, 7*

**Pedidos a o Editor XERARDO CASTRO, San Pedro, 29.-LUGO**

Biblioteca de Galicia

## Feiras e mercados da provincia de Lugo

*Concello de Abadín.*-Primeiro e terceiro sábado Goiitán

*Alfoz.*-13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xuli Lagoa; o primeiro miércoles Mor

*Antas de Ulla.*-O 10, e mercados todos os lunes

*Baleira.*-Quincenalmente alternando ca de Castroverde

*Barreiros.*-Primeiro domingo e 1.º de Marzo e mercados os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián

*Becerreá.*-O 3 e 19

*Begonte.*-1.º e 15 Pacios e si o 15 e domingo o 14

*Carballedo.*-17 e 29 Castro; 4 Buciños

*Castro de Rey.*-Cada quince días en doming alternando ca de Meira; 8 e último sábado Rioeus de Lea

*Courel.*-O segundo e cuarto domingo Seoane; 1.º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín

*Cervantes.*-Coarto domingo Donís; 28 Quindós; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas

*Cervo.*-O primeiro domingo e o 16

*Corgo.*-13 Aday; 23 Gomeán

*Cospeito.*-Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xoves Muimenta

*Chantada.*-O 5 e 21 e mercados os martes, xoves e domingos; 2 Laxe

*Castroverde.*-Cada 15 días; 12 Miranda

*Fonsagrada.*-20 de Xaneiro; 25 de Marzo; 25 de Abril; Ascensión; Corpus; 24 de Xunio; 2 de Xulio; 15 de Agosto; 8, 9, 10 e 21 de Setembro e 8 Novembro e mercados os sábados.

*Foz.* Mercados os martes; 10 e 24 Espiñeira

*Friol.*-O 14 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey

*Germade.*-4 e 19 Momán; 13 Roupar

*Guntín.*-5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos; 15 San Román

*Incio.*-O 22

*Xove.*-Rigueira e Xove, o cuarto domingo

Biblioteca de Galicia

# O GAITEIRO DE LUGO

## Calendario Gallego

### Pro Ano de 1947

*según as ouservaciós feitas no Ouservatorio da ciudá de San Froilán*

---

### Único que se pubrica en Galicia

---

**Cómputo ecresiástico.**—Aureo número 10.—Indición román, 15.—Epacta, VIII.—Letra dominical, E.

**Velacións.**—Péchanse o 19 de febreiro, abrénse o 6 de abril; péchanse o 30 de Santos, abrénse o 26 de nadal.

**Ecrisis.**—Total de sol, o 20 de mayo.—Parcial de lúa, o 3 de San Xohán.—Anular de sol, o 12 de Santos.

**Festas.**—Circuncisión, 1.º de xaneiro.—Reises, 6 de xaneiro.—Setuaxésima, 2 de febreiro.—Domingo de Antroido, 16 de febreiro.—Primeiro domingo de Coresma, 23 de febreiro.—Domingo de Ramos, 30 de marzal.—Pascua, 6 de abril.—As Pascuillas, 13 de abril.—Ascensión do Señor, 15 de mayo.—Pentecostés, 25 de mayo.—Santísima Trinidade, 1.º de San Xohán.—Santísimo Corpus Christi, 5 de San Xohán.—Ofrenda do Reino de Galicia, 8 do mismo mes.—Sagrado Corazón, o día 13.—Festa de Cristo Rey, 26 do outono.—Primeiro domingo de Advento, 30 do mes de Santos.

**Témporas.**—Primeiras, 26 e 28 de febreiro e 1.º de marzal.—Segundas, 28, 30 e 31 de mayo.—Terceiras, 17, 19 e 20 de Setembro.—Derradeiras, 17, 19 e 20 de nadal.

**Rogacións.**—Mayores, 25 de abril.—Menores, 12, 13 e 14 de mayo.



Biblioteca de Galicia

# O ano sin xuicio

*Toca, luguesiño, toca,*
*meniñas, vinde ó rueiro*
*que é moita gaita a gaitiña*
*do noso vello gaiteiro.*

Sabe cantigas a feixes,
fai os pronósticos certos,
vai pr'os cen anos; ó home
y-ó viño os mellora o tempo.

Mais o gaiteiro estes anos
a pouco non perde o xuicio.
¡Dios nos acuda! ¡Que man
de xeiras e rebollicios!

Secas y-enchentes, andacios,
carafunchos, «restricións»,
foguetería «anatómica»,
conferencias, eleucións...

A Pas, e, por baixo dela,
cen toupeiras a rillala
e cen goteiras mollando
os escritos de firmala.

Dín que un santiño no ceo
é tan teimoso e tan bó
que sempre dí «¡Denlle mais!»
diante o trono do Señor.

I-emporiso os bens a eito
veñen en certas tempías
e ferven a cachón males
cando chegan malos días.

E cando seca, abafamos,
y-afogamos cando chove,
un foguete voa un pobo
y un ventiño mata un home.

 Merque Polvos «Pinós» pras vacas

Biblioteca de Galicia

Dín que ese santiño santo,
castiga o moito pedir;
ninguén terma co que ten,
pide mais e ¡veleiquí!

Si o gaiteiro perde o xuicio,
non se arrisca a pedir mais;
prefire un «xuicio de faltas»
a ver o .. «¡xuicio final!»

*¡Toca, gaiteiriño, toca,*
*nenas, oide o consello*
*que é moito, moito, o que sabe*
*este gaiteiro tan vello!*

## Cousas do agro

A vaca «Gallarda», nai da mellor «familia» que ten o Pazo de Salcedo, de raza galega, sin mistura, chegou dar no día corenta litros de leite, e inda perto do ano seguía dando mais de dez diarios.

—

Dín que unha abellariza moi ben coidada pode darlle ao seu dono cen quilos de mel. E decir, tres mil pesetas, poñendo o quilo a seis pesos. Ter medio cento de cortizos non pide moitos xornaleiros diarios e, anque non se lle saque nin a mitade, pode valer quince mil pesos. Pero a xente prefire vivir mal ou andar ó «trasperlo».

—

Háivos unha casta de patacas, a «Estimate», que chega a 3.120 kilos por ferrado; 2.620 dou en Pontevedra fai poucos anos. Claro que, chantada de medio en medio metro, muy abonada e con tres mans de sulfato.

—

Unha pita das da Granxa de Poyo puxo no derradeiro ano trescentos trinta e dous hovos. ¡Casi que un diario!

Merque Polvos «Pinós» pros porcos 

Biblioteca de Galicia

# ¡San Antonio bendito...!

*San Antoniño bendito,*
*dádeme un home,*
*anque me mate,*
*anque m'esfole.*

Meu santo San Antonio,
daime un homiño,
anque o tamaño teña
d'un grau de millo.

Daimo, meu santo,
anqu'os pes teña coxos,
mancos os brazos.

—

Una muller sin home...
¡Santo bendito!
É corpiño sin alma,
festa sin trigo.

Pau viradoiro,
qu'onda queira que vaya
troncho que troncho.

—

Mais en tend'un homiño,
¡Virxe do Carme!,
non hay mundo que chegue
para un folgarse.

—

Eu sey d'un que cobiça
causa miralo
lanzaliño do corpo,
roxo e encarnado.

Carniñas de manteiga,
e palabras tan doces
cal mentireiras.

 Merque Polvos «Pinós» pros cabalos

Biblioteca de Galicia

Por él peno de día,
de noite peno,
pensando nos seus ollos
color de ceo.

Mais él, xa doito,
d'amoriños entende,
de casar pouco.

—

Facé, meu San Antonio,
qu'onda min veña,
para casar conmigo,
nena solteira.

Que levo en dote
unha culler de ferro,
catro de boxe.

—

Un hirmanciño novo
que xa ten dente,
unha vaquiña vella
que non da leite...

¡Ay!, meu santiño,
facé que tal suceda
cal vo lo pido.

—

San Antonio bendito,
dádeme un home,
anque me mate,
anque m'esfole.

Que zamb'ou trenco,
sempr'é bó ter un home
para un remedio.

*Rosalia de Castro*

Merque Polvos «Pinós» pras aves


Biblioteca de Galicia

## XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESÚS

1 Miér. † *A Circuncisión do Señor.*-ss. Fulxencio, Xustina, Martiña i-Eufrosia.-I. B.
2 Juev. ss. Macario, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G)
3 Vier. ss. Xenoveva e Daniel
4 Sáb. ss. Aquilino, Tito e Benedicta
5 Dom. O Santísimo Nome de Xesús.-ss. Anastasio e Teodoro bispos (G), Telesforo, Eduardo, Apolinar i-Emiliana
6 Lun. † *Epifanía. A Adoración dos Stos. Reises.*-Melchor, Gaspar e Baltasar e S. Meliano.-I. B
7 Mar. ss. Xulián patrón do Ferrol e Fiz

*Lúa chea as cinco menos coarto da mañán*

A lúa que entra no ano, vella de dazanove días, quixo chegar con chovisca e neve, púxose agora a crarexar pra Reises. Si ésta é a chuvia de xaneiro non nos roubará este ano as anadas.

8 Miér. ss. Maximino, Luciano e Gódulo
9 Juev. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana
10 Vier. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xohán
11 Sáb. ss. Teodosio, Hixinio, Salvio e Anastasio
12 Dom. *I de Epifanía.*-ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto
13 Lun. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica
14 Mar. ss. Hilario i-o beato Bernardo de Corleón

*Mingoante perto das tres da mañán*

A chuvia pode sempre cas xiadas, por testas que veñan. Seica non teremos un xaneiro tan seco nin xiadeiro como o do outro ano.

15 Miér. ss. Pablo, Mauro e Benito
16 Juev. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato
17 Vier. ss. Antonio Abade, Rosalina e Leonila
18 Sáb. A Cátedra de San Pedro en Roma, e Santa Margarita
19 Dom. *II de Epifanía.*-ss. Mario, Sara, Marta e Canuto
20 Lun. ss. Fabián, Sebastián e Felisa

 Use Polvos «Pinós» pros pitos

Biblioteca de Galicia

*Sol en Acuario as 9'32 da noite*

21 Mar. ss. Inés, Froitoso, Epifanio

22 Miér. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gaudencio

*Lúa nova as oito e media da mañán*

A lúa do trinque sal enxoita e vai traer un febreiro corzo.

23 Juev. ss. Adefonso e Raimundo de Peñafor

24 Vier. Ntra. Sra. da Paz e ss. Timoteo e Feliciano

25 Sáb. ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo, Osorio, Froalengo, Serdendo, Viliulfo, Pelayo, Alfonso e Pedro bispos (G). A Conversión de San Pablo e Santa Elvira

26 Dom. *III de Epifania.*-ss. Froila (G), Policarpo, Teógenes e Paula

27 Lun. ss. Olalla, Anxela e Xohán Crisóstomo

28 Mar. ss. Pedro Nolasco, Xulián, Cirilo, Tirso e Inés

29 Miér. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa

30 Jüev. ss. Martiña, Hipólito e Fiz

*Crecente as doce e sete minutos da noite*

O mes remata en crecente; xa veremos cantos ratos quedan no seu burato no mes da Candelaria.

31 Vier. ss. Juan Bosco, Xulio e Marcela

NOTA.—I. P., Indulgencia Plenaria nas Estacións de Roma. I. B., Indulgencia Parcial. (G) Santoral Galego.

Dispensados os aúnos e abstinencias nestes tempos de guerra, nas Dióeesis de Galicia os Prelados os reducen a dous días de vixilia e aúno, por exempro o Miércoles de Ceniza e Viernes Santo.

## Ben ditoso é o labrego...

Ben ditoso é o labrego que se poda
valer en si, sin traballar no alleu;
que ten pra dar os fillos unha coda;
un peso pra gastar; gado de seu.
Terras onde coller, si axuda a corte,
o mainzo a fartar, trigo e patacas;
e bos estrumes pra meter na corte,
e bos regados pra mantel-as vacas.
E unha casiña, en pedra pedrexada;
grande a lareira, para que a rolada
de nenos queipa ó rente do remol.
Con seu hórreo na eira, e seu alboio.
Ancho o curral. Ventás de cara o sol...
Quen esto ten ¿para que quer mais choio?

*José Crecente Vega*

Use Polvos «Pinós» pras pitas



Biblioteca de Galicia

## FEBREIRO 28 DIAS

ADICADO A CANDELARIA

1 Sáb. ss. Iñacio, Severo, Pablo e Bríxida
2 Dom. *Septuaxésima.*-A Candelaria e Santa Feliciana.-I. B.
3 Lun. ss. Bras, Fiz e o Beato Nicolás
4 Mar. ss. Andrés, Leonisa e Xilberto
5 Miér. ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino

*Lua chea as catro menos dez da tarde*

Anque a Candelaria non traya choros ainda temos por andar moita invernía. Estes días non son dela e o sol, cando queima, chama andacios.

6 Juev. ss. Tito, Teófilo, Saturnino e Dorotea
7 Vier. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana
8 Sáb. ss. Xohán de Mata, Ciriaco, Paulo e Dionisio
9 Dom. *de Sesaxésima.*-ss. Cirilo, Donato e Apolonia.-I. B.
10 Lun. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto
11 Mar. Nosa Señora de Lourdes e ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio
12 Miér. ss. Euxenio, Damián e Olalla

*Mingoante perto das dez da noite*

Xa temos eiquí un caneiro por cada rego. Somella que febreiro non ven tan tolo que non nos axude algo.

13 Juev. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo Luciana e Catalina
14 Vier. ss. Valentín e o beato Xohán Bautista
15 Sáb. ss. Faustino, Severo, Casto, Lucio e Decoroso
16 Dom. *de Quincuaxésima (Antroido).*-ss. Elías Isaías, Xeremías, Xulián e Faustino
17 Lun. ss. Xulián de Capadocia e Alexo.-I. B.
18 Mar. *de Antroido.*-ss. Teotonio (G), Simeón Clodio, Eladio e Santa María Bernarda.-I. B.
19 Miér. *de Cinza.*-ss. Gabino, Alvaro e Conrado.- *Péchanse as velacións.-Aúno e abst.*-I. B-

*Sol en Piscis as 11'53 da mañán*

20 Juev. ss. León, Eleuterio e Nemesio.-I. B.

 Use Polvos «Pinós» pras galiñas

Biblioteca de Galicia

21 Vier. ss. Máximo, Fiz e Ovidio.-*Aúno e abst.*-I. B.

*Lua nova as duas en punto da noite*

Ven a chuvia de Santa Inés pol-o tempo revirado, con neves nos outos e algún ventiño que non deixa de amolincrar.

22 Sáb. A Cátedra de San Pedro en Antioquía e ss. Pascasio e Tecla.-*Aúno*.-I. B.

23 Dom. *I de Coresma*.-ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida e Florencio.-I B.

24 Lun. ss. Modesto, Sergio e Primitiva.-I. B.

25 Mar. ss. Matías, Valerio monxe (G), Cesareo, Valero e Donato.-*Anima*.-I. B.

26 Miér. ss. Alexandro, Fortunato e Víctor.-*Témporas.-Aúno*.-I. B.

27 Juev. ss. Baldomero e Leandro.-I. B.

28 Vier. ss. Basilio e Procopio.-*Témporas.-Aúno e abstinencia*.-I. B.

*Crecente as nove e coarto da mañán*

O mes remata co fouciño en crecente pra ameazar a marzal, que chega con bocoyes a deitar e ventos ben asubiados.

**Falas de nai**

Eses cabelos, crenchos, dourados
ese teu rir;
eses olliños, negros, fermosos
no seu mirar;
se a mozo chegas, cantas rapazas
farán sorrir;
se antes non morres ¡cantas mulleres
farán chorar!
Mais tua naiciña por mor das outras
n'has de esquencer,
pois inda atopes entr'elas goce
na sua pasión,
os goces veñen, soio, filliño,
pra se perder;
amor constante, das nai hay soyo
no corazón.

*Marqués de Figueroa*

Use Polvos «Pinós» pros coellos

Biblioteca de Galicia

## MARZAL 31 DIAS

ADICADO A SAN XOSÉ

1 Sáb. ss. Rosendo bispo, Manilán abade e o Santo Anxel da Guarda.-*Témporas.-Aúno*.-I. B.
2 Dom. *II de Coresma.*-ss. Simplicio, Pablo e Lucio.-I. B.
3 Lun. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiana.-I. B.
4 Mar. ss. Casimiro, Cayo e Lucio.-I. B.
5 Miér. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Señora de Africa.-*Aúno*.-I. B.
6 Juev. ss. Victoriano, Víctor e Cirilo.-I. B.
7 Vier. ss. Tomás de Aquino e Felicitas.-*Festa dos estudiantes.-Aúno e abstinencia*.-I. B.

*Chea as tres e coarto da noite*

Vaites, vaites, que marzo marzán non tiña a cara de cán que puxera nas municións. Mais tampouco a cara de rosa é moy de fiar. Xa veredes que axiña fai a carantoña.

8 Sáb. ss. Xohán de Dios e Fiz.-*Aúno*.-I. B.
9 Dom. *III de Coresma.*-ss. Francisca e Catalina.-I. B.
10 Lu.n ss. Alexandro e Melitón.-I. B.
11 Mar. ss. Euloxio, Constantino e Fermín.-I. B.
12 Miér. ss. Gregorio Máximilián e Ntra. Sra. da Misericordia.-*Aúno*.-I. B.
13 Juev. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.-I. B.
14 Vier. ss. Florentina e Matilde.-*Aúno e abstinencia*.-I. B.

*Mingoante as seis e media da serán*

Xa veu o cán do Urco con todal-as suas. Onde non teñamos treboadas e ventanías virá aquela raxeira de sol tan lixeira como unha avelaíña.

15 Sáb. ss. Anxel Tutelar de Galicia, Lonxines, Raimundo e Melitón.-*Aúno*.-I. B.
16 Dom. *IV de Coresma*.-ss. Xulián, Ciriaco y Agapito.-I. B.

 Use Polvos «Pinós» pros becerros

Biblioteca de Galicia

17 Lun. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.-I. B.
18 Mar. ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.-I. B.
19 Miér. † *San Xosé esposo da Santisima Virgen.-Aúno.*-I. B.
20 Juev. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.-I. B.
21 Vier. ss. Benito Abade e Filemón.-*Aúno e abstinencia.*-I. B.

*Sol en Aries as 11'13 da mañán*

PRIMAVEIRA

22 Sáb. ss. Deogracias, Pablo e Basilio.-*Aúno.*-I. B.

*Lua nova as catro e media da tarde*

Xa chegou a lúa nova ¡e que bautismo marceiro leva! Ollo, que si quinta como pinta, abril encherá no carro e non no carril.

23 Dom. *de Pasión ou de Lázaro.*-ss. Victoriano, Fidel e Toribio.-I. B.
24 Lun. O Arcanxo San Gabriel e ss. Simón e Agapito.-I. B.
25 Mar. A Anunciación de Nosa Señora i-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.-I. B.
26 Miér. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.-*Aúno.*-I. B.
27 Juev. ss. Xohán Damasceno, Ruperto, Lidia e Alexandro.-I. B.
28 Vier. *de Dolores.*-ss Xohán de Capistrano, Castor, Doroteo e Sixto.-*Aúno e abstinencia.*-I. B.
29 Sáb. ss. Pastor, Xonás i-Eustasio.-*Aúno.*-I. B.

*Crecente as catro e coarto da tarde*

Canto mais medra esta lúa mais toleirón faise o tempo e nunca estáse quedo. Xa miraremos si abril o ven aqueloutrar. Dín que xa se escoitou o cuco

30 Dom. *de Ramos.*-ss. Xohán Clímaco, Víctor e Régulo.-I. B.
31 Lun. ss. Amadeo e Amós.-I. B.

Use Polvos «Pinós» prás vacas 

Biblioteca de Galicia

ADICADO AOS DOORES DA VIRXE

1 **Mar**. ss. Venancio, Macario e Teodora.-*Festa nacional*.-I. B.
2 Miér. ss. Francisco de Paula e Abundio.-*Aúno*.-I. B.
3 Juev. *Santo*.-ss. Engracia virxe mártir (G), Benito, Ricardo, Benigno e Ulpiano.-I. P.
4 Vier. *Santo*.-ss. Isidoro, Víctor e Zósimo.-*Aúno e abstinencia*.-I. B.
5 Sáb. *Santo ou de Gloria*.-Bto. Xohán de Viveiro (G), ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene.-*Aúno*.-I. B.

*Lua chea as tres e media da tarde*

Eiquí temos xa ó señor abril co porco roncando no cubil. E chega con Pascuas enxoitas, de días ben abertos e con noites craras, que, sí non fora por unha bris mareira, non chamarían ás choviscas.

6 Dom. *de Pascua de Resurrección*.-ss. Celso, Celestino e Marcelino.-*Abrense as velacións*.-I. P.
7 Lun. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.-I- B.
8 Mar. ss. Perpetuo, Alberto, Máxima e Xenaro.-I. B.
9 Miér. ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.- I. B.
10 Juev. ss. Urbano abade (G), Ecequiel e Daniel.-I. B.
11 Vier. ss. León, Antipas e Isaac.-I. B.
12 Sáb. ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.-I. B.
13 Dom. *in Albis (as Pascuillas)*.-ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.-I. B.

*Mingoa a unha e media da tarde*

O vento da mar trouxo augas ben mestas. Ora que todo é mellor que a xiada, que pode a condanida deixar tesas as veigas.

14 Lun. Fr. Pedro González Telmo abogado dos mariñeiros (G), ss. Tiburcio e Valeriano

 Use Polvos «Pinós» pros cerdos

Biblioteca de Galicia

15 Mar. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina i-Elena
16 Miér. ss. Toribio bispo de Astorga, Froitoso de Braga, bispo e fundador (G), Engracia, Cayo e Benito Labre
17 Juev. ss. Aniceto, María Ana i-Elena
18 Vier. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio
19 Sáb. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.-*Festa nacional*
20 Dom. Nosa Señora a Divina Pastora, ss. Beato Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Víctor

*Sol en Tauro as 10'41 da noite*

21 Lun. ss. Anselmo, Apolonio e Alexandra

*Lua nova as catro e coarto da mañán*

Pouco se pode falar desta lúa. Os vellos dín que trairá as augas abrideiras, que inda se non libraron; xa veremos quen fala mellor, si os pronósticos ou os vellos. ¡Ollo co canto da abubela!

22 Mar. ss. Xerónima virxe (G), Sotero, Cayo e Angustias
23 Miér. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente
24 Juev. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio
25 Vier. ss. Marcos, Aniano i-Estebo.-*Rogaciós maiores*.-I. B.
26 Sáb. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e Nosa Señora da Saleta
27 Dom. ss Anastasio, Toribio de Mogrovejo e Pedro Canisio

*Medra as dez e coarto da noite*

E as augas non deixan de medrar. Xa queda pouca neve nos outos e ven secala un solciño que lembra a primaveira.

28 Lun. ss. Estebo, Prudencio, Patricio, Vidal e San Pablo de Cruz
29 Mar. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo
30 Miér. Solemnidá de San Xosé, ss. Amador, Sofía, Lourenzo e Catalina de Siena

Use Polvos «Pinós» pros cabalos 

Biblioteca de Galicia

## MAYO 31 DIAS

MES DAS FRORES

1 Juev. ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio
2 Vier. ss. Anastasio e Fiz.-*Festa Nacional*
3 Sáb. A Invención da Santa Cruz e San Alexandro
4 Dom. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina
5 Lun. ss. Pío, Máximo, Eulogio e Agustiño

*Chea perto das cinco da mañán*

¡Vállate Deus, que millor é que os bois estean quince días na corte sen sairen pro prado, no comenzo que no cabo! O bo mayo pode arrematar mallando en nós.

6 Mar. ss. Xohán Ante-Portam-Latinam patrón dos impresores, Benita e Nosa Señora da Cabeza
7 Miér. ss. Augusto, Agustiño, Domitila, Estanislao e Benedicto
8 Juev. Nosa Señora dos Desamparados, e A Aparición de San Miguel e San Eladio
9 Vier. ss. Gregorio Nacianceno e Lucas
10 Sáb. ss. Antonino e o beato Xob
11 Dom. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio
12 Lun. ss. Domingo da Calzada, Nero i-Epifanio.-*Rogaciós menores.*-I. B.
13 Mar. Nosa Señora dos Mártires e ss. Pedro Regalado e Roberto Belarmino.-*Rogaciós menores.*-I. B.

*Mingoa as oito e oito da mañán*

Ben falou quen dixo: en mayo, na corte treme o cabalo. Onde trema e onde non trema, inda queda moita tempía por andar.

14 Miér. ss. Bonifacio, Pascual, Xusta e Xustina.-*Rogaciós menores.*-I. B.
15 Juev. † *A Ascensión do Señor.*-ss. Isidro labrador, Torcuato, Simplicio e San Xohán B. de La Salle.-I. B.

 Use Polvos «Pinós» pros pitos

Biblioteca de Galicia

16 Vier. ss. Xohán Nepomuceno, Honorato e Ubaldo
17 Sáb. ss. Pascual Bailón e Bruno
18 Dom. ss. Félix Cantalicio e Dióscoro
19 Lun. ss. Pedro, Celestino, Ciriaca e Prudencia
20 Mar. ss. Bernardino de Sena e Anastasio

*Lua nova as duas menos coarto da tarde*

Entra a lúa co ecrise do sol. Virá friaxe e revolveráse o vento.

21 Miér. ss. María Auxiliadora dos Cristianos, Victorio e Secundino

*Sol en Géminis as 10'5 da noite*

22 Juev. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino
23 Vier. ss. Desiderio, Basilio e Miguel
24 Sáb. ss. Torcuato (G), Susana e Robustiana.-*Aúno e abstinencia.*-I. B.
25 Dom. *Pascua de Pentecostés ou do Esprito Santo.*-ss. Xenadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio.-I. B.
26 Lun. ss. Felipe Neri e Zacarías.-I. B.
27 Mar. ss. Beda, Xohán, Restituta, Xulio y-Eutropio.-I. B.

*Medra as catro e media da noite*

A lúa crecente trai melloría; a moita auga non dana as terras de secano. Mayo, ainda que tal e que sei eu, deixa o seu pan e os seus nabos.

28 Miér. ss. Viliulfo bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xermán, Emilio e Agustín.-*Témporas.*-I. B.
29 Juev. ss. Teodosia, Maximino e Magdalena de Pacis.-*Anima.*-I. B.
30 Vier. ss. Donadeo, Máximo e Bonelo, monxes do Bierzo. Santa Egeria (G). Fernando Rey de España, Basilio e Félix.-*Témporas.-Abstinencia.*-I. B.
31 Sáb. ss. María Mediadora de Todal-as Gracias, Petronila, Crescencio e Pascasio.-*Témporas.-Aúno.*-I. B.



Biblioteca de Galicia

## XUNIO 30 DIAS

MES DE SAN XOHÁN

1 Dom. A *Santísima Trinidade.*-Beato Pedro Vázquez e Antonio de S. Boaventura mártires (G). Nosa Sra. da Luz e ss. Iñigo e Fortunato.-I. B.
2 Lun. ss. Marcelino, Pedro e Nicolás Peregrino
3 Mar. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio

*Lua chea as sete e media*

Agora temos a lúa chea co seu ecrise. E o tempo, inda que digan o que digan, nunca anda pol-o seu camiño cando no ceo xogan a pandar.

4 Miér. ss. Francisco Caraciolo, Saturnina e Quirico
5 Juev. † *Sanctissimum Corpus Chistri.*-ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho
6 Vier. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina
7 Sáb. O Triunfo de San Pedro e San Roberto
8 Dom. *Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento en Lugo.*-ss. Medardo, Salustiano e Maximiano
9 Lun. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio
10 Mar. ss. Restituto, Ciriaca e Margarida
11 Miér. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira

*Mingoante perto das once da noite*

Inda que chegamos ó corenta de mayo, mentras non entre a lúa non deitaremol-o sayo, sobre todo si o ventiño do Sur ven alporizado.

12 Juev. ss. Xohán de Sahagún, Nazario e Onofre
13 Vier. *O Sagrado Corazón de Xesús.*-ss. Antonio de Padua e Luciano
14 Sáb. O Purísimo Corazón de María, ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino
15 Dom. *III de Pentecostés.*-ss. Vitón, Modesto, Crescencia e Benilde
16 Lun. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico
17 Mar. ss. Manuel, Ismael e Pablo
18 Miér. ss. Efrén, Marco, Marcelina e Paula

*Lua nova perto das nove e media da noite*

Queira Dios que a mera de San Xohán non

 Use Polvos «Pinós» pras galiñas

Biblioteca de Galicia




**Con ellos, crecen sanos, robustos y no pierden nunca el apetito. Los cerdos hasta en pleno verano comen extraordinariamente bién.**

**Con POLVOS "PINÓS" el peor cerdo de una cría adelanta a los mejores. ES SEGURISIMO.**

Biblioteca de Galicia



Cuando el termómetro está más bajo las gallinas ponen dándoles

## POLVOS PINÓS

Las gallinas están más sanas y ponen cuando los huevos alcanzan mayor precio. Las polluelas adelantan dos meses la puesta, la hacen más abundante y ponen en pleno invierno.

Los buenos resultados de los POLVOS PINÓS son debidos a su extraordinario poder alimenticio y tener además la propiedad de lograr que los animales asimilen completamente cuanto comen sin dejar residuo alguno alimenticio entre sus excrementos. Consecuencia que estando los animales mejor nutridos, dan los productos que les son peculiares de mejor calidad, y vigorizando su organismo, no les atacan y si les atacan resisten muchas de las enfermedades que atacan y matan a los demás. Con los POLVOS PINÓS tendrá sus animales sanos, de pelo lustroso y le aumentarán y le pesarán mucho más. Les evitará muchas enfermedades y la carne será de mejor calidad. Las matanzas se conservan mejor. Las vacas, yeguas, ovejas y todo animal de cría le durará más tiempo, le dará las crías más sanas y robustas y tendrán la leche más abundante y de mejor calidad.

EN LOS TERNEROS DAN RESULTADOS SORPRENDENTES

Biblioteca de Galicia

EN LOS TERNEROS DAN RESULTADOS ADMIRABLES

**Exigid siempre**
**POLVOS "PINÓS"**
en paquetes precintados que llevan esta marca




**No admita**
**POLVOS "PINÓS"**
a granel, ni paquetes sin mi nombre, pues no serán verdaderos.

**Con POLVOS "PINÓS" los pollitos crecen sanos y robustos.**
**Las polluelas adelantan dos meses la puesta.**
**Las gallinas están más sanas y ponen los huevos cuando éstos alcanzan mejor precio.**



SIN POLVOS

CADA PAQUETE CONTIENE INSTRUCCIONES PARA SU EMPLEO

**Los POLVOS "PINÓS" se venden en droguerías y similares**

Caso de no hallarlos en la tienda, pídanse directamente a Vda. Pinós, GERONA, quien, previo envío de su importe, se los remitirá, desde 25 kilos en adelante, franco de portes ferrocarril.




CON POLVOS

Biblioteca de Galicia

tolla viño e pan, que as mañáns de San Antoniño pra arriba non veñen moi quentes.

19 Juev. ss. Gervasio, Protásio, Bonifacio, Ursicino e Juliana
20 Vier. ss. Silverio, Florentino e Macario
21 Sáb. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria

VRAU

22 Dom. *IV de Pentecostés.*-ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas

*Sol en Cáncer as 6'15 da mañán*

23 Lun. ss. Zenón, Fiz e Agripina
24 Mar. A Natividade de San Xohán Bautista e ss. Xohán Tersón (G) e Fausto
25 Miér. ss. Orosia, Guillermo, Próspero e Lucía

*Medra as doce e media da noite*

E ca lúa medra a calor e melloran os días. ¡Ollo cas viñas e cas patacas, que este ano queren moito agarimo!

26 Juev. ss. Payo de Tuy mártir, Hermogio bispo (G), Xohán, Pab'o e Virginio
27 Vier. Nosa Sra. do Perpetuo Socorro e S. Zoilo
28 Sáb. ss. León, Argimiro, Paulo, Benigno e Irene
29 Dom. *V de Pentecostés.-† S. Pedro e S. Pablo* - e ss. Marcelo e Siro
30 Lun. A Conmemoración de Santiago Apóstol e Santa Emilia

## A noite de San Xohán

Xa van saindo as estrelas,
fogo póñense aos lumeiros,
repinícanse os pandeiros
pol-as mozas con afán:
soa a gaita melosiña,
brinca a xente de contento.
feuden os vivas o vento
na noite de San Xohán.
. . . . . . . . .

Os rapaces fan apostas,
á quen brinca mais lixeiro
por encima do lumeiro
que fai tempo ardendo está.
algús que son escachados
con fogarins o que salta
asustan, por ver si falta
cando a vos de *vou* él dá.
. . . . . . . . . .

*Farruco Fernández Anciles*

Use Polvos «Pinós» pros coellos


Biblioteca de Galicia

## XULIO 31 DIAS

MES DE SANT-IAGO

1 Mar. S. Faxildo abade de Antealtares (G). O Precioso Sangue de Noso Señor Xesucristo, ss. Casto, Martín, Leonor e Galo
2 Miér. A Visitación de Nosa Señora e S. Longines
3 Juev. ss. León, Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Eulogio

AFELIO

*Lua chea as dez e media pasadas*
Días de quentura. Ventos norteiros. Quizáis que se anuncien castelos pras treboadas.

4 Vier. ss. Laureano, Flavio e Teodoro
5 Sáb. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena
6 Dom.. *VI de Pentecostés.*-ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo
7 Lun. ss Cirilo e Metodia, Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis
8 Mar. ss. Isabel, Agapito e Procopio
9 Miér. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón
10 Juev. Beato Xohán Xacobo Fernandes mártir (G), e ss. Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina
11 Vier. ss. Dictinio bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino

*Mingoa perto das once da mañán*
Seica o tempo non anda tan certo como se miraba. O mellor adiántase o canadiño do Apóstol.

12 Sáb. ss. Xohán Gualberto, Félix e Marciana
13 Dom. *VII de Pentecostés.*-ss. Anacleto, Uxío, Xoel i-Esdras
14 Lun. ss. Estebo abade (G), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino
15 Mar. ss. Enrique, Camilo e Antíoco
16 Miér. Nosa Señora do Carmen e San Fausto
17 Juev. ss. Alexo, Marcelina, León, Xacinto e Xenerosa.-*Festa nacional*
18 Vier. ss. Camilo, Mariña de Augasantas virxe e mártir (G), Sinforosa, Emiliano e Federico.-*Festa Nacional*

 Use Polvos «Pinós» pros bacoriños

Biblioteca de Galicia

*Nova as catro e coarto da noite*

Entra a lúa no día de Santa Mariña, mais non poderáse coller a fouciña en todas partes. Algúns queíxanse de secura; é que miran pra atrás e non pra adiante. Xa virá o que veña. Entramentras non falta un racimo pintado nin unha espiga granada pra levar o Santiaguiño.

19 Sáb. ss. Vicente de Paul, Arsenia e Xusta
20 Dom. *VIII de Pentecostés.*-ss. Elías, Librada, Xerome, Emiliana e Severa
21 Lun. ss. Práxedes, Feliciano e Xusta
22 Mar. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo
23 Miér. ss. Apolinar, Bríxida, Bernardo e Liborio

*Sol en Leo as 5'15 do serán*

CANÍCULA

24 Juev. ss. Cristina, Francisco Solano e Víctor

*Medra perto das once da noite*

Ceo neboento. Algunhas pingueiras. Tronos leviáns. Mañáns de abafar.

25 Vier. † O APÓSTOL SANT-IAGO O MAIOR PADROEIRO DA PATRIA.-ss. Cristóbal e Cucufate
26 Sáb. ss. Ana, nai de Nosa Señora e Tudela
27 Dom. *IX de Pentecostés.*-ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana
28 Lun. ss. Víctor, Nazario, Celso y-Eladio
29 Mar. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero
30 Miér. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Carmona
31 Juev. ss. Iñacio de Loyola e Pablo

## Notas vellas

A Catedral de Santiago ten 97 metros de longo, dende a capela do fondo ó Pórtico da Groria; 65 antre as Platerías e a portada da Acibechería. As bóvedas teñen de outo 22 metros. As torres do Obradoiro, 70, e a do Relós, 72.

A que se chama «Catedral vella», nin é tan vella nin é Catedral; non é mais que a cripta de sostén do Pórtico da Groria, feita pol-o Mestre Mateu ¡Que xa non é ser pouco!



Biblioteca de Galicia

## AGOSTO 31 DIAS

MES DE SANTA MARIA

1 Vier. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.-*Xubileo da Porciúncula*.-I. P.
2 Sáb. ss Alfonso María de Ligorio, Máximo e Nosa Señora dos Anxos

*Chea as duas menos dez da noite*

A chea entra con mais calores e con tempo mais firme. A Nordesía virá escura algúns días antes que crarexe de todo o tempo.

3 Dom. *X de Pentecostés*.-A Invención de San Estebo e San Eufronio
4 Lun. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua y-Eutelo
5 Mar. Nosa Señora das Neves e San Emigdio
6 Miér. A Trasfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor
7 Juev. ss Cayetano, Alberto , Donato e Sicilia
8 Vier. Beato Roxeiro de Meira (G), ss. Ciriaco, Emiliano e Mariano
9 Sáb. Beata Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Juan, Román, Marciano e Cleto

*Mingoante as oito e vinte da serán*

Seica San Lorenzo trai o caldeiro e mais a Pelengrina quer poñernos nun inverniño miúdo. Que pase lixeiro, anque a y-auga é ben apreciada onde arregañan cedo as fontes. Val mais nubrado de agosto...

10 Dom. *XI de Pentecostés*.-ss. Lourenzo abogado contra os incendios e Paula
11 Lun. ss. Tiburcio, Filomena e Susana
12 Mar. ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima
13 Miér. ss. Clara, Casiano, Hipólita, Aurora y-Elena
14 Juev. ss. Nuño Alvarez, coengo (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.-*Aúno e abstinencia*
15 Vier. † *A Asunción, Nosa Señor de Todo o Mundo, Nosa Señora dos Ollos Grandes. Patrona de Lugo,* San Payo bispo (G)
16 Sáb. ss. Roque, Xacínto e Xoaquín pai de Nuestra Señora


Use Polvos «Pinós» pros cerdos

Biblioteca de Galicia

*Nova as once e coarto da mañán*
Treboadiñas eiquí e mais acolá. Quentura. Ventos rexos e reviradeiros. Auga, pouca.

17 Dom. *XII de Pentecostes.*-ss. Godina abadesa y-Eufemia Virxe e mártir (G), Paulo, Xacinto, Xuliana, Librada e Anastasio
18 Lun. ss. Leonardo, Clara y-Elena
19 Mar. ss Mariano, Luis, Maxin e Xohán de Gudes
20 Miér. ss. Bernardo, Samuel e Severo
21 Juev. ss Fidel, Ciriaca e Francisca de Fremiot
22 Vier. ss. Fabriciano e Timoteo
23 Sáb. ss. Felipe Benicio e Valeriano

*Sol en Virgo as 12'9 da mañán*

*Medra as doce e media pasadas da mañán*
As borrascas que veñan serán lixeiras y-as brétemas pouco mestas. O sol do vran esparexe as nubes baixas.

24 Dom. *XIII de Pentecostes.*-ss. Bartoloméy-Aurea
25 Lun. ss. Luis, Xenxo e Patricia
26 Mar. ss. Ceferino, Segundo e Vitores
27 Miér. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz
28 Juev. ss. Agustín, Bibiano, Paio e Moisés
29 Vier. A Degollación de San Xohán Bautista
30 Sáb. ss. Ero de Armenteira abade (G). Rosa de Lima, Celedonia y-Emeterio
31 Dom. *XIV de Pentecostes.*-ss. Osorio Gutierrez o Conde Santo de Lourenzana (G), Ramón Nonnato e Nosa Señora do Bó Viaxe

*Chea as catro e media da tarde*
Co bó tempo, sequía e roibéns no ceo.

## Na veira d'o mar

Estou na veira d'o mar,
Vendo buligal-as olas;
¡As olas, miñas amigas,
Que me alentan e consolan!
As olas d-antr'os penedos
son as pombas d'un pombal
Que ledas choutan de cote
E cantan o seu cantar.
Olas albas, olas bravas,
Fermosas olas d'o mar;
¡Cánta ledicia me dades...!
¡Cántas penas non quitás...!

*Eduardo Lence-Santar y Guitián*

Use Polvos «Pinós» pros cabalos 

Biblioteca de Galicia

## SEPTEMBRO 30 DÍAS

ADICADO A SAN MIGUEL

1 Lun. ss. Xil de Cayaso abade (G) e Lupo
2 Mar. ss. Antolín, Estebo e Máxima
3 Miér. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia

SALE A CANÍCULA

4 Juev. San Adrián eremita (G). Nosa Señora da Consolación e ss. Cándida e Rosa
5 Vier. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia
6 Sáb. ss. Eutelo, Uxío e Petronio
7 Dom. *XV de Pentecostes.*-ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa Sra. dos Reises
8 Lun. A Natividad de Nosa Señora

*Mingoante perto das catro da noite*

Se non arden os montes, as fontes ben secas quedaron do agosto, pero aquelas chuvias, que agora non aquecen, veñen mollalas.

9 Mar. ss. María da Cabeza Serxio e Gorgonio
10 Miér. ss. Pedro de Mezonzo bispo, autor da Salve (G), Nicolás de Tolentino e Pulqueria
11 Juev. Nosa Señora das Viñas e ss. Proto e Xacinto
12 Vier. O Santísimo Nome de María e San Leoncio
13 Sáb. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Eulogio e Maudillo
14 Dom. *XVI de Pentecostes.*-A Exaltación da Santa Cruz e San Víctor.-*Día da Escola Cristiana*

*Nova as sete e media do serán*

A lúa nova quer dispor a tempía pr'as vendimas, que non chegan retrasadas; non debemos adiantalas nós mais do que elas veñan

15 Lun. Os Dolores Gloriosos de Nosa Señora e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio
16 Mar. ss. Cornelio, Cipriano y-Eufemia
17 Miér. As Chagas de San Francisco e San Pedro Arbués.-*Témporas.-Auno.*-I. B.
18 Juev. ss. Tomás de Villanueva, José de Curpetino e Sofía

 Use Polvos «Pinós» pras pitas

Biblioteca de Galicia

19 Vier. A Aparición da Virxen da Saleta, ss. Xenaro bispo e compañeiros mártires.-*Témporas.-Abstinencia.*-I. B.
20 Sáb. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.-*Témporas Auno.* I. B.
21 Dom. *XVII de Pentecostes.*-ss. Mateo, Isacio e Pánfilo
22 Lun. ss. Tomás de Villanueva, Mauricio, Lourenzo e Xonás

*Medra as seis menos coarto da mañan*
Siguen os ventos teimosos do Nordés. Que San Miguel leve a y-auga as fontes e aparte o deño de querer metela nos bocoyes.

23 Mar. ss. Lino, Fausto e Tecla

*Sol en Libra as 9'25 da noite*

OUTONO

24 Miér. Nosa Señora das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio
25 Juev. ss. Lope, María de Cervellón e Fermín
26 Vier. ss. Amancio, Cipriano e Xustina
27 Sáb. ss. Cosme e Damián
28 Dom. *XVIII de Pentecostes.*-Os Santos Bispos de Iria (G), e ss. Wenceslao e Máximo
29 Lun. San Miguel Arcánxel
30 Mar. ss. Gregorio, Xerome, Sofía e Santa Teresiña do Neno Xesús

*Chea perto das sete menos coarto da mañán*
Con días craros e ventos do Norte. Logo revírase un pouquichiño.

## Triadas

Dí ti, herbiña dos amores,
¿por qué prendes no inverno
e no vran botal-as frores?

—

Costa que vas ô meu lar,
¡qué boa estás de rubir,
qué mala estás de baixar!

—

¡Ay, o alalá, miña santa,
cántase cando se chora,
chórase cando se canta!

—

¿Coitas tés? Pois non che pese,
qu'eu non vin o arco da vella
relocir sin que chovese.

*Gerardo Alvarez Limeses*

Use Polvos «Pinós» pros pitos 

Biblioteca de Galicia

## OUTONO 31 DIAS

ADICADO AO SANTO ANXEL

1 Miér. San Xervasio (G), o Santo Anxel Custodio e San Remixio.-*Día do Caudillo*
2 Juev. Os Anxos da Guarda, Saturio y-Eutelo
3 Vier. Santa Teresiña do Neno Xexús, **Beato Vela** eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido e Xerardo
4 Sáb. ss. Francisco de Asis, Cayo e Aurea
5 Dom. *XIX de Pentecostes*.-ss. **Froilán bispo, Patrón de Lugo (G)**, Victorino e Plácido
6 Lun. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno
7 Mar. Nosa Señora do Rosario, ss. Serxio e Marcos

*Mingoa as dez e media da mañán*

O mingoante chegóu con días endiañados; lémbranse nos papeles as desgracias no mar pol-o cordonazo de San Francisco.

8 Miér. ss. Demetrio, Payo, Nestor e Santa Bríxida
9 Juev. Nosa Señora da Cinta, San Dionisio Areopagita e San Xohán Leonardi
10 Vier. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino
11 Sáb. A Maternidá da Nosa Señora, ss. Nicasio, Xermán e Fermín
12 Dom. *XX de Pentecostes*.-Nosa Señora do Pilar e do Remedio.-*Festa oficial da Raza. (Conmemoración do descubrimento de América)*
13 Lun. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Venancio. A Aparición da Virxe de Fátima
14 Mar. ss. Calixto, Evaristo e Burcardo

*Nova as seis e dez da mañán*

Entra con borrallas poucas e treboadiñas pra abril-as fontes. Nubes baixas de chovisca miuda.

15 Miér. ss. Teresa de Xesús, Bruno e Fortunato
16 Juev. ss. Florentino e Ambrosio, Santa Eduvigis
17 Vier. ss. Mariano, Mamerta e Víctor, Santa Margarita María de Alacoque

 Use Polvos «Pinós» pras galiñas

Biblioteca de Galicia

18 Sáb. ss. Lucas, Xulián e Trifona
19 Dom. *XXI de Pentecostes.*-ss. Pedro de Alcántara e Rosina
20 Lun. ss. Caprasio, Xohán Cancio e Irene
21 Mar. ss. Hilarión, Asterio e Arturo
22 Miér. ss. María Salomé e Córdula

*Crece a unha e dez da noite*

Aproveitémol-os poucos craros denantes que veñan as enchentes: se en outono demóraste a traballar, pouco has de enceleirar.

23 Juev. ss. Servando, Pedro Pascual e Xermán
24 Vier. ss. Rafael Arcánxo, Fortunato Martiño e Beata Paula de Frassinetti

*Sol en Escorpio as 6'27 da mañán*

25 Sáb. ss. Frutos, Crisanto e Daría
26 Dom. *Festividade de Cristo Rey.*-ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano
27 Lun. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina
28 Mar. ss. Simeón e Xudas Tadeo
29 Miér. ss. Narciso, Xerona i-Eusebia.-*Conmemoración dos Caídos*

*Chea as oito e sete da noite*

Bó tempo craro. Logo un vento do sul e moito chover a rego.

30 Juev. ss. Cenobia, Clodio e Amparo
31 Vier. ss. Urbano, Quintín e Narciso

## O Castro Nemenzo

Rey dos castros, castro forte,
garrido castro Nemenzo:
o das uces montesías,
e dos carballos cerqueiros:
o da boa parecenza,
e dos altos parapetos,
cheos de frores no vran,
e esquivas uces no inverno:
o dos fosos ben compridos,
e ben fondos e ben feitos,
das rampas en caracol,
e camiños encubertos,
doce a vista desde lonxe,
castro bó, castro compreto,
ou castro, amigo dos celtas,
entre outros o primeiro:
. . . . . . . . . . . .

*Eduardo Pondal*

Use Polvos «Pinós» pros coellos

## NOVEMBRO 30 DIAS

MES DE SANTOS

1 Sáb. † *A Festa de Todol-os Santos*.- ss. Benigno, Cesáreo e Maria
2 Dom. *XXIII de Pentecostes (1)*.-A Conmemoración dos Difuntos e San Xusto.-I. B.
3 Lun. ss. Valentín, Hilario, Malaquias e Teófilo
4 Mar. ss. Carlos Borromeo e Domigo
5 Miér ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel

*Mingoante as cinco da tarde*

Inverno curnal. Ceo enloitado, chan molladiño d'abondo.

6 Juev. ss. Leonardo, Severo e Vinoco
7 Vier. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio
8 Sáb. San Alvito bispo (G). o Patrocinio de Nosa Señora, e ss. Severiano, Severo e Victorino
9 Dom. *XXIV de Pentecostes*.-Nosa Señora da Almudena e San Teodoro
10 Lun. ss. Aniano, Demetrio e Andrés
11 Mar. ss. Martiño, Bartolomé e Toribio
12 Miér. ss, Millán, Diego Xosé Bto. de Cádiz (G)

*Lua novo as oito da noite*

Co terceiro ecrise do ano; neste, o sol, que pouco se quer deixar ver, ponse o anelo; seica quérese casar ca chuvia. ¡Vaiche boa ca boda!

13 Juev. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono, Rufo e Diego de Alcalá
14 Vier. ss. Trahamunda de Poyo, abogosa dos emigrantes (G), Serapio, Lourenzo e Venerando
15 Sáb. ss. Uxío I, Leopoldo e Leoncio
16 Dom. *XXV de Pentecostes*.-ss. Rufino, Marcos, Valero, Edmundo e Xertudis
17 Lun. ss. Gregorio, Acisclo e Victoria
18 Mar. ss. Román, Máximo, Odón e Pedro
19 Miér. ss, Isabel, Ponciano e Crispín
20 Juev. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito.- *Día de José Antonio*

---

(1) As misas dos siguientes son os do 3.°, 4.° e 5.° de Epifanía, no derradeiro despois de Pentecostés rézase o XXIV do tempo.

 Use Polvos «Pinós» pros terneiros

Biblioteca de Galicia

*Crecente as dez menos coarto da noite*
Ventiños lenes e chuvias manseliñas, que pouco durań.

21 Vier. ss. Eetebo, Honorio e Rufo
22 Sáb. Beato Xohán de Pontevedra (G), ss. Cecilia, Colombiano e Mario
23 Dom. *XXVI de Pentecostes.*-ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia
*Sol en Sagitario as 3'38 da mañán*
24 Lun. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan de la Cruz, Crisógeno e Flora
25 Mar. ss. Catalina, Moisés e Gonzalo
26 Miér. Os Santos Mártires de Córdoba, ss. Silvestre e Pedro
27 Juev. A Medalla Milagrosa ss. Virxilio, Facundo e Primitivo
28 Vier. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano

*Chea as nove menos coarto da mañán*
Unha raxeira de solciño invernizo que quenta e non cría. Noites ben craras. Logo os nubeiros que pechan o tempo.

29 Sáb. ss. Iluminada e Saturnino
30 Dom. *I de Advento.*-ss. Andrés, Constancia e Xustina.-*Péchase as velacións.*-I. B.

---

**De balde...**

Cando me poñan ó hábito,
s'é qu'o levo;
cando me metan na caixa,
s'é qu'á teño;
cand'ó responso me canten,
s'hay con qué pagarll'ós cregos,
e cando dentro d'a coba...
¡Qu'inda me leve San Pedro
si só ó pensalo non río
con un-ha risa d'os deños,
qu'enterrar han d'enterrarme
anque non lles den diñeiro!...

*Rosalía de Castro*

Use Polvos «Pinós» pras vacas 

Biblioteca de Galicia

## DECEMBRO 31 DIAS

MES DE NADAL

1 Lun. ss. Eloy, Natalia e Cándida
2 Mar. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana
3 Miér. ss, Francisco Xavier e Claudio
4 Juev. ss. Pedro Crisólogo, Osmundo, Cleto e Bárbara
5 Vier. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio

*Mingoa a unha menos cinco da noite*

O mes de nadal chegóu con auga d'abondo pr'a herba. Ventos circios do Sur, que percuran a y-auga de Santa Lucía. Brétemas.

6 Sáb. ss. Fernando Abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari y-Emiliano
7 Dom. *II de Advento.*-ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán.- I. B.
8 Lun. † A *Purísima Concepción de Nosa Señora.*-ss. Macario y-Esther
9 Mar. ss. Restituto, Cipriano e Locaya
10 Miér. San Florencio abade (G), Nosa Señora de Loreto, ss. Eulalia y-Hermóxenes
11 Juev. ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel
12 Vier. Nosa Señora de Guadalupe e S. Constancio

*Nova perto da unha da tarde*

Moita neve nos outos con lúa xaneira. Días de chuvia ás voltas ca ventanía. Despóis, un buratiño pr'o sol.

13 Sáb. ss. Uxío, Orestes e Lucía
14 Dom. *III de Advento.*-ss. Nicasio, Xusto Pompeyo y-Espiridón.-I. B.
15 Lun. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato
16 Mar. ss. Eugenio, Valentín e Delaira
17 Miér. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia.-*Témporas.-Auno.*-I. B.
18 Juev. Nosa Señora da O, antiga patrona de Pontevedra
19 Vier. ss. Nemesio e Timoteo.-*Témporas.-Abstinencia.*-I. B.


Use Polvos «Pinós» pros porcos

Biblioteca de Galicia

20 Sáb. ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.-*Témporas.-Aúno e abstinencia.*-I. B.

*Crecente as seis menos coarto da serán*
Moita friaxe. Choviscas que amainaron. Un solciño quente de inverno.

21 Dom. *IV de Advento.*-ss. Ilduara, nai de San Rosendo e Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio.-I. B.

*Sol en Capricornio as 4'43 do serán*

INVERNO

22 Lun. ss. Demetrio, Zenón y-Elena
23 Mar. ss. Victoria, Nicolás, Sérvulo e Vintila eremita
24 Miér. *Noiteboa.*-ss. Gregorio, Eutimio e Luciano.-I. B.
25 Juev. † *A Natividade de Noso Señor Xesucristo.* I P.
26 Vier. ss. Estebo e Mariano.-*Abrense as velacións*
27 Sáb. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro

*Choa as oito e media da serán*
Días de nordesía. Noites craras onde a lúa relumbra na neve. O ano despídese de nós co tempo enxoito.

28 Dom. Os Santos Inocentes
29 Lun. Beato Vidal abade (G), ss. David e Tomás
30 Mar. A Traslación de Sant-Iago e San Sabino
31 Miér. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Paulina

**Meniño amado...**

Meniño amado,
Meu pequeniño,
Imán sagrado
Dos meus cariños:
Vente ós meus brazos
Decontadiño,
Pois nesas pallas
Tembras de frío.
¡Ay miña alma!
¡Ay meu benciño!
Vente ós meus brazos
Meu queridiño,
Ven e tereiche abrigadiño.
Moito che quero
Meu amoriño,
¡Ay quen pudera
Darche un biquiño!

*Marcos Parcero.—(1790)*

Use Polvos «Pinós» pra cabalos


Biblioteca de Galicia

## O medio parbo

—Eu, señor cura, como lle son medio parbo, ¿sabe?, cando lle andamos á seitura pois, si é que non me ven, ségolle un pouco na leira do veciño; e, como lle son medio parbo, si vou á vendima, como a viña do señor Antonio estálle á veira da nosa, pois, sempre algo de mais ven pro meu queipo. E, cándo trouxeron o bagazo pra facel-o aguardente. alí os da señora Catuxa, doulle potada e media, pero eu, como lle son medio parbo, dixen que solo dera media potada...

—Non, rapaz, eso está mal feito, eso é roubar: mellor che fora facer ó revés: cando fagal-a seitura, deixa un pouco da tua leira pra que a segue o veciño, e si vendimas a viña que está á veira daquela do señor Antonio, pois regalarlle uns poucos bagos, que na tua casa hay dabondo, e si a señora Catuxa mandou potada e media de bagazo, ti dislle: señora Catuxa, mire canto rendeu, viñeron duas potadas...

—Ben está, si señor, eu, coller o que é dos demais non volverei a collelo, pero deixarlle así do meu, eso non señor, eso non llo podo facer, porque como xa lle dixen nada mais que son medio parbo ¿sabe?

## O Carneiro

...Aló pol-o ano 72—ano de negra fame—foi pol-a Mariña unha compañía de tropa... Entre d'aqueles soldados había un nacido no mesmo Cádiz. Chamábase Rafael Jiménez e, por alcume, «el Conquistador». Decía él a que o quixera ouir, que non facía mais que presentarse diante d'unha moza, decirlle un par de «¡olés!» e aquela moza esmorecíase de contado pol-os anacos salados do terribre conqueridor.

Atopou na praza da vila de Sada á Sabela, que así se chamaba a moza do meu conto; vela e facerlle o amor con todal-as argalladas... foi dito e feito. Sabela deixouse querer e, c'unha sorna graciosa, tomóulle o pelo que nin que fora con pieite de corno.

 Use Polvos «Pinós» pros pitos

Biblioteca de Galicia

con perdón. O entusiasmo do conqueridor foi tan grande que chegou a pedirlle unha cita.

—Sí, home, sí—respondeulle Sabela—dígoche que a tua gallarda feitura mesmo me barreu os sentidos. Esta noite, ás nove en punto, agárdote na miña casa que é aquela d'alí enfrente. Eu deixarei aberta a cancela da horta; amarrado a unha árbore atoparás un carneiro, que ten unha campaniña no pescozo. Quítaslla e guíndala ti do teu. Despois entras na casa, facendo soar a campaniña. Meu pai xa estará deitado e coidará que erel-o carneiro. Despois... eu...

—«No me digas más, cachito e sielo... Despues er desmigue... la dislocasión...»

—Eso é; despois, a dislocación...

Sabela puxo en autos de todo á seu pai.

Chegaron as nove da noite e o andalús abreu a cancela, colleu a campaniña do carneiro que guindou do seu mesmo pescozo; e foise paseniñamente a meterse na casa da Sabela. Cando xa estaba dentro preguntou o pai da moza:

—¿Quen anda ahí?

—¿Quien ha de zé?—respondeu o andalús—Dispenze, paizano, que yo no soy er zordao conquistaó, que zoy er carnero...

Pero o pai e a filla mallaron nel de tal xeito que aquelo resultou unha verdadeira «dislocación».

*Asiuemedre*

*(M. Lugrís Freire)*

Celebrouse aló en Beáde,
xa fai tempo unha minsión,
i ao rematarse un sermón,
co Cristo na man, un frade
decía en mística traza:

—«Ollai, fillos desleigados,
de víboras fera raza,
ollade como o puxeron
os vosos ruis pecados.»

Todos ca dore xemeron,
i entón dixo unha rapaza,
que era a coitada unha choia:
—«No ser, malos lle non somos,
señor, nosoutros non fomos,
que xa veu así de Noya.»

***V. Taibo***

Use Polvos «Pinós» pras pitas


Biblioteca de Galicia

*Láncara.*-O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 Río (Esfarrapa)

*Lorenzana.*-O 9, 19 e 28 e mercados os domingos

*Lugo.*-O 4, 5, e 6 de Outono (anual), primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados os martes, viernes e domingos; penúltimo día de cada mes Nadela

*Meira.*-O segundo e coarto domingo

*Mondoñedo.*-O 17, 18 e 19 do Outono (anual), primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercados os xoves e domingos. Quendas o 2 de mayo (anual)

*Monterroso.*-O 1.º y o 15 e mercados os miércoles; 1.º de novembro anual

*Monforte.*-O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda

*Muras.*-O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa

*Neira de Jusá.*-1.º e 18 Baralla; 7 Sobrado

*Navia de Suarna.*-Segundo domingo e derradeiro viernes; 23 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales). Puebla; terceiro domingo, Silvouta; cuarto domingo, Paradela; primeiro domingo, Rao

*Negueira de Muñiz.*-O segundo domingo

*Os Nogales.*-O segundo domingo Doncos

*Orol.*-O primeiro domingo Miñotos

*Palas de Rey.*-O 7 y o 19 e mercado os sábados

*Pantón.*-O 1.º e 15 Ferreira; 18 Santa María

*Páramo.*-O 10

*Pastoriza.*-Cada quince días en domingo alterno Bretoña; o segundo e cuarto sábado Reigosa

*Piedrafita.*-O 5 e 21 e o 8 de Setembro (anual)

*Pol.*-O 1.º e 15 Rioxuán; 7 e 21 Mosteiro

*Puebla del Brollón.*-11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación

*Portomarín.*-Mercado os domingos

*Quiroga.* O 10 e 27

*Rábade.*-O 2 e o 22 e mercados os xueves

*Ribadeo.*-Todos os miércoles e o 7 de Setembro

*Riotorto.*-Mercado os sábados; 14 e 26 de cada dous meses Moxueira

*Ribas do Sil.*-O 16

 Use Polvos «Pinós» pros coellos

Biblioteca de Galicia

*Samos.*-O 15; 17 Ponte do Lózara; 4 Castroncán
*Sarria.*-O 6 e o 20 San Lázaro (anual) e mercados os domingos
*Saviñao.*-O 8 Escairón; 25 Curreios
*Sober.*-O 18 e 28
*Taboada.*-O 20 e mercados os sábados
*Trabada.*-O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo, San Fernando (anual)
*Trasparga.*-O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga; 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo Guitiriz e mercado os miércoles
*Triacastela.*-O 12 e 28
*Valle d'Ouro.*-O miércoles siguiente ao terceiro domingo e mercado os sábados
*Villameá.*-Cada quince días e mercado os domingos
*Villaodrid.*-O 25 Vilaeimil
*Viveiro.*-O primeiro e terceiro domingo e mercados os xoves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo; luns de Pascua, Cobas (anual)
*Villalba*.-O primeiro domingo e martes siguientes ao terceiro, e mercado os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes

## Feiras anuales de Galicia

---

*Xaneiro:* 7, Portes; 8, Navallos.-*Febreiro:* 3, Portomarín.-*Marzo:* Domingo de Lázaro, Sarria.-*Abril:* 6, Noya; luns de Cuasimodo, Tuy; luns de Pascua, Cobas en Viveiro.-*Mayo:* Día da Ascensión Santiago; 30, Balboa, Ribadeo; Pascua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somiedo e Brollón en Quiroga.-*Xulio:* 2, Coruña; 25, Santiago.-*Agosto:* Día da Peregrina, Pontevedra; 10, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.-*Setembro:* 8, Fonsagrada, 3 días; terceiro domingo, Becerreá; 8, Piedrafita d'o Cebreiro.-*Octubre:* 5, Lugo, 3 días; 14, Villalba, 18, Mondoñedo, 3 días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá.-*Novembro:* 1, Monterroso e Pontevedra.-*Decembro:* Día da Purísima, Alvare, de onde e patrona, feira 12 días e mercado os xoves.

Biblioteca de Galicia




Biblioteca de Galicia